

ENTREVISTA ■ P5

Cristóbal Ramírez, cronista oficial do Camiño Inglés

PONTEDEUME ■ P8

Comeza a segunda fase da renovación no alumado público

CARIÑO ■ P19

Cariño elabora dous roteiros mariñeiros para descubrir a vila

enfoques.gal

AS PONTES

Reyes Maroto refenda en As Pontes o seu compromiso coa transición xusta

A MINISTRA DE INDUSTRIA VISITOU A VILA **PARA COÑECER OS PROXECTOS EN MARCHA** E AS DEMANDAS DA ADMINISTRACIÓN LOCAL

“É NECESARIO UN ESFUERZO COLECTIVO PARA QUE A **INDUSTRIA VOLVA A SER PRESENTE E FUTURO** NAS PONTES”, DIXO A MINISTRA

A Ministra de Industria, Comercio e Turismo, Reyes Maroto, visitou o pasado outubro As Pontes. Xunto ao alcalde, confirmou o compromiso por parte do Goberno para que esa transición veña acompañada de recursos, non só a

través dos Fondos Europeos senón tamén a través dos orzamentos xerais do Estado. Valentín González apuntou que o investimento esperado ronda os 1.300 millóns.

Páxina 10

EN FOCO



As comarcas retoman un Samaín cheo de terror e humor a partes iguais

A RAPAZADA FOI A GRAN PROTAGONISTA DAS FESTAS LOCAIS

Páxinas 2-3

VALDOVIÑO ■ P13

Valdoviño e Ferrol lideran a nova rede española de pobos do surf

■ O proxecto contempla a creación de novos produtos turísticos ligados a actividades sostibles tematizadas para a desestacionalización do turismo nos respectivos territorios.



Os representantes dos concellos asinantes reuníronse en Valdoviño.

NARÓN ■ P14



Éxito da XXI feira do mel e dos produtos primarios de Narón

CEDEIRA ■ P15

Cedeira incorpora os contedores marróns para biorresiduos

■ O Concello investirá máis de 26.000 euros na instalación de 125 colectores. Neles poderán depositarse restos de alimentos, pelicas de froitas, cascas de ovos e froitos secos, café e papel.



Un Samaín 'de medo' para nenos e maiores

A festividade do Samaín xa está arraigada entre a veciñanza nesta datas de celebración ancestral e proba diso é a implicación de nenos e maiores nas actividades que organizaron os diferentes Concellos durante o último fin de semana de outubro e o 1 de novembro.

Non houbo un só municipio nas comarcas que non tivera o seu pasaxe do terror, o seu desfile de pantasmas e mortos vivintes ou, polo menos, algún concurso ou obradoiro de cabazas. Unha das actividades favoritas dos nenos.

A implicación de veciños e veciñas nesta festa con arraigo

na cultura celta tamén esta a ser impulsada polos concellos, con concursos de disfraces como o organizado en Pontedeume polo Concello e os hosteleiros.

As catrinas, os paisos asasinados, os esqueletos e as bruxas volveron ser os atuendos preferidos de nenos e maiores para acudir ás festas do Samaín. As casas do terror de Ortigueira e Cariño deixaron o medo no corpo a máis de un. E a rapazada levou un bo botín de doces e larpeiradas en Neda ao tempo que escapaban das terroríficas personaxes que se agochaban en cada curruncho. En Cedeira as áni-

mas percorreron as rúas da vila ben entrada a noite de Defuntos.

O gran desfile do Samaín na comarca volveu ser 'O quilómetro do Terror' que cada ano organiza a asociación ECHO Catabois e que logra congrega a milleiros de espectadores. Este ano, tamén incluíu unha pasaxe do terror.

As carrozas e as comparsas desfilaron ao son da música, con moito humor e unha boa dose de horror nas máscaras e atuendos elaborados para a ocasión. Ao final do desfile outorgáronse os premios ás agrupacións máis terroríficas e creativas.



O centro de Neda convertiuse nunha auténtica pasaxe do terror.



Tarde de xogos en San Sadurniño.



Quilómetro do terror de Catabois, en Ferrol.

NOVEMBRO 2022



En Pontevedra a rapazada puido desfrutar dun fin de semana cheo de actividades.



Obradoiros e concursos de decoración de cabazas en Cedeira e Narón.



Canta información tes recibida
que non te interesaba?
Con total seguridade,
demasiada.

enfoques.gal



Enfócate no local
subscribíndote á nosa newsletter.
Chegamos a máis de 5.000 fogares
de Ferrol, O Eume e Ortegal.

ENTREVISTA

Cristóbal Ramírez, cronista oficial do Camiño Inglés

“O Camiño ten que saber frenar a tempo e non morrer de éxito”

Cristóbal Ramírez (Ferrol, 1952) é un dos grandes estudosos do Camiño de Santiago; durante máis de vinte anos foi presidente da Asociación de Xornalistas do Camiño de Santiago e na actualidade é cronista oficial do Camiño Inglés.

Recentemente vén de publicar “O Camiño Inglés. Unha ruta xacobeana medieval no século XXI”, unha obra editada pola Universidade da Coruña (UDC) que inaugura a nova colección “Camiños do mar” e na que, ademais de recompilar practicamente todo canto se sabe desta ruta e da súa orixe, afonda na súa historia e o seu patrimonio a través da investigación en arquivos ou mesmo en Inglaterra.

“Sempre vai haber datos novos, así que agardo que o libro quede desfasado o antes posible: queda moito por investigar e moitos interrogantes sobre os que seguir traballando, por iso temos que protexer o Camiño”, explica Ramírez, quen destaca que esta labor de recuperación comezou hai décadas e continuará no futuro.

En concreto, o cronista reivindica a figura de Felipe Cordero Carrete, un mestre represaliado polo franquismo que foi pioneiro na investigación sobre o Camiño Inglés, recuperando nomes de barcos e peregrinos que percorreron a ruta. Ramírez e moitos outros seguiron ese camiño.

“Levo moitos anos adicado ó Camiño de Santiago, nos últimos especialmente ó Portugués e ó Inglés, á beira do que nacín e do que vivo”, continúa.

O Camiño Inglés

O Camiño Inglés comeza na Abadía de Finchale, en Durham, no nordeste de Inglaterra. A día de hoxe existe documentación de 72 portos dende os que os peregrinos ingleses zarpaban en dirección a Ferrol ou a A Coruña, dende donde continuaban a ruta ata a tumba do apóstolo.

Dende 2014 a Deputación da Coruña, a Asociación de Concellos do Camiño Inglés e a Xunta de Galicia colaboran na recuperación da ruta na propia Inglaterra: dende Finchale hai un tramo similar ó que existe entre Ferrol e Santiago, mentres que no sur tamén se trazou a ruta entre Reading e Southampton. Unha vez recuperada a ruta por terra



O cronista oficial do Camiño Inglés, Cristóbal Ramírez, xunto a unha mouteira.

que percorreron os peregrinos dende o século XII, a seguinte fase é recuperar a tradición de viaxar dende Gran Bretaña a Galicia en barco, un medio que agora ten que competir co avión.

A difusión do Camiño Inglés en orixe atopouse con diferencas problemáticas, como a propia lexislación: non está permitido pintar en árbores ou dentro de cidades, o que impide situar as tradicionais frechas amarelas que sinalan o Camiño de Santiago. Ademais, aínda que a ruta comezou nunha Inglaterra católica, a día de hoxe a relixión dominante é o anglicanismo.

“Ó principio había xente que pensaba que aínda non remataran as guerras de relixión: chegaron a non deixar entrar ós peregrinos na Catedral de Durham, pero agora a relación é excelente, coa excepción dalgún párroco que non quere saber nada”, apunta Ramírez.

Agora o Camiño Inglés é o terceiro máis transitado: no que vai de ano máis de 12.000 peregrinos chegaron a Santiago partindo dende A Coruña e, sobre todo, dende Ferrol, punto de partida do 90% deles.

O Camiño e a historia

O cronista oficial do Camiño Inglés é un firme defensor de que o Camiño de Santiago ten

que ir sempre ligado a un trasfondo histórico, cunha investigación que respalde tanto o trazado como o propio fenómeno xacobeo para así protexelo.

“Se non tivera historia o Camiño de Santiago sería unha ruta máis, nalgúns partes incluso fea: se queres facer senderismo hai sitios mellores, podes ir a Gales e percorrer 1.300 kilómetros de costa, se fas o Camiño vas ter tramos de asfalto como os doce quilómetros de Paderne a Betanzos ou os catro na entrada de Oroso”, continúa Ramírez.

Así, se a xente se segue a decantar polo Camiño de Santiago fronte a outras opcións “é porque observan que aquí hai unha historia e queren percorrer os mesmos camiños polos que pasaron os seus antergos”.

Ese valor que aporta a historia estaría en risco pola proliferación de rutas “sen ningunha base nin tradición”: a día de hoxe “hai trinta falsos Camiños reclamando a súa oficialización”, o que Ramírez considera “un tiro no pé”, xa que “é imposible vender fóra tantas rutas” e chegaría un punto no que “con tantas mouteiras os peregrinos rematarían desorientados”.

O cronista insiste en que todo Camiño ten que estar sustentado por un camiño físico,

por testemuñas da súa veracidade, por literatura de viaxes ou por algunha referencia. Sen iso, calquera ruta estaría “sacada da chistera”.

“Unha vez unha señora díxome ‘eu teño tanto dereito coma vostede a ter un Camiño’, pero non é así: ten dereito á sanidade, a ter un colexio ou un transporte escolar, pero non a un Camiño”, sentencia Ramírez, quen chama a “non gastar enerxías en cousas deste estilo”, senón en “promocionar o que temos, investigar máis e evitar barbaridades”.

O futuro do Camiño

Aínda que centrado en recuperar ese pasado histórico do Camiño de Santiago, ó xornalista ferrolán tamén lle preocupa a súa continuidade no tempo.

“Cando empezamos no 1993 o Camiño era algo totalmente descoñecido e moitos dixeron que aquilo do Xacobeo era montar unha festa dun día, algo que a estas alturas a ningún se lle ocorre dicir: hai concellos como Triacastela que directamente viven do Camiño e a ruta está a experimentar unha evolución xeométrica”, relata Ramírez. Porén, chegados a este punto “hai que plantexarse que facer co Camiño e coa propia cidade de Santiago”, algo evidenciado “polos problemas que houbo este ano,

centrados especialmente na Peregrinación Europea de Jóvenes”, celebrada o pasado mes de agosto.

“Hai que ver que se quere facer, se encher a cidade de xente de fóra, como en Venecia, ou limitala, cunha taxa ou como sexa”, engade. Ó igual que a capital galega, os Camiños “teñen unha capacidade de carga”: no caso do Inglés, o que máis medra porcentualmente cada ano, ronda os 20.000 peregrinos anuais, polo que, “se chegan 40.000 non hai onde comer, onde durmir ou onde facer as necesidades”.

“Hai que saber frenar a tempo, non ser egoístas e dicir ‘de aquí non podemos pasar’ para non morrer de éxito: xa houbo un aviso no Ano Santo 2010, cando houbo un gran baixón sobre todo de estranxeiros, aínda que a partir de 2011 si se foi recuperando”, lembra Ramírez, quen incide en que, mentres os visitantes atopan servizos axeitados, “o futuro é optimista”, aínda que aínda que en moitos sitios “aínda hai moito que traballar”.

Na liña da proliferación dos Camiños sen base histórica, da masificación ou da falta de capacidade tamén existe outra preocupación: a da perda do espírito. Aí é onde Ramírez enmara as declaracións do presidente da Federación de Empresarios de la Comarca de Arousa (FECA), José Luis Vilanova García, quen abogou por pechar os albergues públicos.

“É unha idea peregrina que parte dun plantexamento económico: non entende que un dos piares do Camiño de Santiago é a hospitalidade e, se cambiamos este modelo por un totalmente privado e copiado doutros sitios, estamos a quitar unha das patas da mesa que fan que o Camiño teña a esencia que ten”, sentencia Ramírez, quen entende que a oferta privada é necesaria para darlle servizo ós peregrinos, pero “indudablemente” non se poden pechar os albergues públicos.

“Con todo o respecto, o que se busca con esa proposta é rapiñar o Camiño, pero iso non é máis que pan para hoxe e fama para mañá, estarían a quitarlle a esencia”, conclúe o cronista oficial do Camiño Inglés, unha desas persoas que cada día loitan por manter esa identidade que cada ano leva a centos de miles a peregrinar ata Santiago de Compostela.

TRIBUNA

Luz, máis luz!

Dous homes falan na cociña dunha casa. Falan, por enésima vez, do que fan. Do que fan para vivir: un pinta e o outro pesca. So fan iso, cada un deles, sen excepción: un nunca tivo máis mañas ca da pintura, e o outro nin intentou adiviñar se as tiña ou non, e pesca, e come o que pesca e, o que non, véndeo. E están de pe na cociña dun deles, e miran ao chan e calan máis do que falan. Xa tiveron unha chea de veces esta mesma conversa. E tódalas demáis. Pasan moito tempo sos e non teñen a máis ninguén, así que repítense, e volven unha e outra vez aos mesmos temas. Un, ao lelos, non sabe moi ben se é que non se chegan a comprender ou todo o contrario, se se entenden á perfección.

Coa pintura e a pesca, mesturada, falan tamén de relixión: o pintor pinta buscando a luz de Deus, a que saíu da estrela que levou a tres homes estraños e seica sabios ata un neno. Un neno do que tamén saía luz, nun curruncho dunha corte, entre a herba seca. E el busca esa luz. E a súa pintura parécelle boa se a ten. Pecha as contras, deixa a casa a escuras, e mira se a ve, se os cadros brillan.

O outro non cre, e non entende os razoamentos do amigo, do seu amigo pintor. Só entende de ir ao mar e botar as redes para volver con algo. Pero, curiosamente, recoñece esa luz. Dende a súa ignorancia, é quen de vela.

Eu estou tomando un café na rúa Real de Ferrol, no Lusitânia, e levanto a cabeza e vexo, enmarcado polas dúas filas de casas, o ceo nubrado e luminoso da última hora do día. Hai unha luz azul e branca á que non fai falla botarlle moita imaxinación para atribuírlle unha natureza mística. Cun ceo así, cunha luz coma esa, é doado deixarse levar pola espiritualidade e sentirse conectado con algo, con algo máis.

O problema é que a min a espiritualidade non me acaba de convencer. Así, de entrada, bótame para atrás, prodúceme desconfianza. Explícome: con demasiada frecuencia vexo nas alusións a ela, no virarse cara ela, incapacidade para explicar as cousas, unha falta de reflexión que deixa un oco que hai que encher con algo. É como o que facemos os debuxantes mediores, que deixamos as partes difíciles a medias e dicimos que só queríamos suxerir, que así é o noso estilo, cando en realidade estamos a disimular as nosas carencias. Iso exactamente vexo en moitas referencias á espiritualidade, á intuición, ao irracional ou mesmo á sensibilidade: un intento de disimular limitacións, un intento de disfrazar a nosa incompreensión, como se fora unha alternativa interesante.

Outras non, claro. Outras actitudes, outros achegamentos á conciencia e á consciencia, a unha maneira diferente, máis completa, de ver as cousas e de relacionalas, de asumir as nosas contradicións, de ter presentes a nosa fraxilidade e as nosas dúbidas, merécenme todo o respecto, e ás veces véxoas mesmo inevitables, o complemento necesario. Por exemplo, a que amosan dous noruegueses dunha aldea dun fiorde, cando falan na cociña unha e outra vez das súas vidas, do que fan sempre, das dúas ou tres cosas que lles importan, unha e outra vez. E com-

prenden: compréndense o un ao outro, ata onde saben que se pode comprender, e déixano aí.

Eu levanto a vista ao ceo da última hora da tarde en Ferrol, vexo as nubes enmarcadas pola luz branca e azul, miro para a rúa e vexo xente camiñando a contraluz. Uns van e outros veñen. Falan, e eu miro, e por un momento, e dun xeito especialmente lúcido, sinto que non sei nada. Nada.

Moito menos, dende logo, que un pescador que ve a luz que sae dos cadros.

PORTOROSA



O efémero

Un día calquera, a túa vida pode cambiar de súpeto. Así, por arte de maxia, encóntraste nun lugar polo que nunca transitaras e pensas, de maneira inconsciente, o efémero que somos os seres humanos dentro dun universo tan complexo como este.

Ana María acaba de saír da morgue de recoñecer á súa filla. Un accidente de tráfico mortal, con drogas e alcol polo medio, dun condutor que viña de fronte nunha noite de festa. Un tremendo impacto de vehículos que deixa outro impacto irreparable no corazón dunha nai que ten que aprender a vivir doutra maneira.

Ramiro sufriu un infarto de miocardio da noite para o día, un aviso incompreensible a unha vida saudable de deportista de elite. Un tic tac que se parou por uns segundos e que o levaron á UCI do hospital, pero tamén que o puxo no foco de que ás veces perder, da a chave para gañar. A resistencia na súa recuperación está sendo o seu gran trofeo.

A Estela acaban de comunicarlle que hai un fígado que ten o seu nome. Leva agardando tres anos e medio por este órgano que precisa como auga no deserto. Non sabe o que sentir; se alivio, medo, incerteza ou alegría. Choiva de emocións que ten que aprender a canalizar.

Existe un lugar entre a vida e a morte, entre a perda e a esperanza, que está aí fóra para todas e para todos nós.

Como nunca se sabe cando chegará, non estaría de máis prepararnos para sucalo da mellor maneira. Unha mágoa que isto non se aprenda na escola, esa que tería que adestrarnos para a vida.

Non queda outra que facer camiño. Como diría Machado e cantaría Serrat: "Camiñante non hai camiño, faise camiño ao andar."

MARTA PIÑEIRO

COLABORACIÓN

Nicanor Tischler, Reflexións dun viaxante

As listas

Facémolas e habitámolas. Somos autores e integrantes. Non podemos vivir sen a orde que nos proporcionan. Nin nós nin a sociedade. Se se fixan, a vida está organizada sobre os seus tramados. Podemos pedir que nos saquen dalgunha, o que non sempre é doado, pero será imposible que non esteamos noutras, que fiquemos fóra de todas. Nalgunhas ocasións, ata nin saberemos que estamos, pero si, alí nos poden ver, no lugar que nos corresponde, ordenados por idade, alfabeto ou por algún tipo de puntuación, mérito ou demérito. Ordenados ou desordenados, pero presentes. Sen


facen unha lista andamos coma perdidos no mercado, loitando coas lagoas da memoria, convencidos de que imos esquecer o máis importante, o que nos levou realmente ata alí. Sen facer unha lista, e repasala polo miúdo, seguro que non invitamos ao evento tan sinalado a algún parente ou amigo de presenza imprescindible para manter o equilibrio ecolóxico do grupo. Sen facer unha lista de tarefas, pode ser que a xestión fundamental do día quede relegada pola aparente urxencia das entrometidas. Facer listas. Habitar listas. Nacemos e xa nos ubicamos, polo menos, nunha: na dos nacidos tal

día en tal sitio; quedamos rexistrados. Despois, irán chegando outras, obrigatorias ou voluntarias. E escoitaremos moitas veces como algunha autoridade pasa lista para saber se estamos non só nela, na lista, senón tamén na realidade, para comprobar que a lista é verdadeira en todo momento, sen erros temporais nin faltas inxustificadas, para confirmar a total correspondencia entre a lista e a vida. Andando o tempo, nalgunha etapa do noso percorrido atoparémonos cun tipo de listas de nome curioso: as de espera. Listas nas que un entra co decidido desexo de saír canto antes delas pero sen poder

facen nada para conseguilo. Son listas feitas para esperar, e un ten que limitarse a iso: a esperar. Sen máis. Todo son listas. Juan Tallón conta a historia dun home ao que, despois de morto, lle atoparon no pantalón un papel no que se podía ler: enxertar castiñeiro, dar de comer as galiñas, recoller ovos, pagar fontaneiro, ir a putas, cerrar bombona, can, matarme. Unha lista. Os xornais e as revistas fanas con moita frecuencia, sobre todo cando nos imos achegando ao final de ano, ou do lustro, ou da década, e precisan facer repaso do acontecido. Aínda que calquera momento é bo para facer unha lista.

Saben que é un material moi apreciado polos lectores; raro será o que non se deteña nunha. Por ser, ata son fáciles de ler: están feitas de frases curtas e sen subordinadas. Hai unhas semanas un xornal madrileño publicou a lista dos cen mellores libros do século XXI. Por que? Ben, por que non? Calquera momento é bo, xa digo. Como era previsible, esta lista foi polémica e provocou algúns cabreos. Xa saben, que se sobran uns e faltan outros. O de sempre. O que demostra unha vez máis que facer unha lista non é asunto sinxelo. E non lles digo nada se ademais é a última.

Simulación do proxecto do 'muro do Porto', que serviría para render homenaxe ás vítimas do franquismo en Pontedeume.



O valo de Porto: **un monumento ás vítimas** do franquismo

O ATENEO EUMÉS PRESENTOU O PASADO 14 DE OUTUBRO UN **PROXECTO DE MONUMENTO ÁS VÍTIMAS DO FRANQUISMO EN PONTEDEUME**

Estase a promover polo Ateneo Fernán Martís de Pontedeume, un monumento ás vítimas do franquismo, simbolizado na muralla de pedra que terma da parte baixa da rúa de Porto, no que traballaron persoas represaliadas en réxime de traballo escravo nos anos da guerra civil.

Cando o dezaioito de xullo de 1936 chegan as primeiras noticias do golpe de estado do Exército de África, crease en Pontedeume, a instancias do Goberno Civil da Coruña, o Comité de Defensa da República, constituído polo alcalde e representantes dos partidos e outras organizacións.

Este comité organiza patrullas que víxían e protexen, as entradas da vila, o Concello, as oficinas de Correos e Telégrafos, a Igrexa parroquial, o

cuartel da Garda Civil, e a estación do ferrocarril.

A cidade da Coruña cae en mans dos militares rebeldes o luns 20 e os días 21 e 22 controlan Ferrol e a súa comarca. Ás oito da mañá do xoves 23 de xullo sae de Ferrol unha columna do Rexemento de Artillaría de Costa nº 2, mandada polo comandante Pedro Iglesias Sierra, e composta por un capitán, cinco tenentes, oitenta soldados (suboficiais, cabos e artilleiros), armados con mosquetón, un camión blindado con tres metralhadoras, acompañados por quince gardas civís e algúns falanxistas.

Chegan a Pontedeume sobre ás once da mañá, onde apenas haberá resistencia ante a superioridade manifesta das forzas sublevadas, agás un pequeno tiroteo na barricada si-

tuada na ponte sobre o Eume, levantada polo Comité de Defensa da República. Algúns dos defensores da liberdade e da legalidade republicana, tentan escapar ou agacharse polo monte Breamo, producíndose varias detencións.

Nos días e semanas seguintes desatase unha forte e indiscriminada represión, con detencións e cárcere, "paseos" ou fusilamentos sen xuízo previo ou logo de procesos sumarísimos coa acusación máis frecuente de "rebelión militar", de dirixentes, afiliados ou mesmo simpatizantes dos partidos, sindicatos e sociedades agrarias, que apoiaban ao Fronte Popular e eran leais á República. Foron asasinadas preto de trinta veciños de Pontedeume.

Algúns conseguirán permanecer agachados varios anos,

como "toupas", agardando que pase a onda máis represiva, ata que acaban entregándose e sufrindo prisión ou desterro, e outros manteranse fuxidos no monte, incorporándose á resistencia ou irán ao exilio.

Varias mulleres serán castigadas co corte de pelo ao rape para escarnio público, as "rapadas" ou "peladas". Moitos mestres e funcionarios públicos, son depurados ou castigados sen emprego e soldo.

Outras persoas foron castigadas a traballos forzados, na praza do Conde retirando os cascallos e restos do Pazo e na construción do muro da rúa de Porto. Non sabemos o tempo que durou este traballo escravo e humillante, pero si que algúns dos castigados tiveron que solicitarlle ao alcalde que lles rebaixase a xornada de cas-

tigo, para poder atender aos seus oficios e poder dar de comer as súas familias.

Pasaron xa moitos anos e pode ser que chegue tarde, máis compre devolverlles aos que todo perderon, aos milleiros de familias que ficaron marcadas co medo, a dor e o silencio, a xustiza da lembranza e o recoñecemento, co desexo de que endexamais se volva a repetir tanta barbaridade e tanto mal.

Neste contexto temos que enmarcar esta sinxela homenaxe que promove o Ateneo eumés, cun proxecto de Monumento ás vítimas do franquismo en Pontedeume que foi presentado o venres catorce de outubro, na Casa da Cultura de Pontedeume, e que conta coa colaboración e patrocinio do Concello para facelo realidade.

PONTEDEUME



Operarios traballando na instalación das novas luminarias LED.

Comeza a segunda fase da renovación no alumeado público

DESTA VOLTA OS TRABALLOS, ORZAMENTADOS DESENVOLVERANSE EN VILAR E CENTROÑA

A finais deste pasado mes de outubro deron comezo as obras da segunda fase de renovación con tecnoloxía LED da rede de alumeado público. Neste caso, os traballos son no rural, sobre todo nas parroquias de Centroña e Vilar — que na primeira fase tiveron menos zonas de actuación —, e suporán un investimento de 280.000 euros, dos que 185.684,30 euros proceden dunha subvención do Ministe-

rio para a Transición Ecolóxica do goberno conseguida polo concello.

“Esta nova actuación suporá a instalación de máis de 400 novos puntos de luz con tecnoloxía LED, o que conlevará un aforro anual de 35.000 euros e máis de 170.000 kilowatios”, explicou Daniel Ríos, concelleiro de Obras.

Ademais, tras esta actuación mellorarase considerablemente a visibilidade nesas zonas, posto que a tecnoloxía LED ten unha maior potencia, e Pontedeume reducirá a contaminación lumínica, cumprindo as normativas da Unión Europea.

Este mesmo ano, o Concello de Pontedeume realizou as

obras da primeira fase de renovación con tecnoloxía LED do 60% da rede de alumeado público, tras ter conseguido o pasado ano a maior achega económica da historia da vila.

Nesas tarefas da primeira fase, orzamentadas en 716.962,51 euros, o concello renovou con tecnoloxía LED de luz cálida máis de 1.000 puntos de luz e substituíu 32 cadros de mando por outros máis modernos con control remoto.

“Pronto estarán renovadas a totalidade das luminarias de Pontedeume, o que permitirá reducir nun 75% o consumo de enerxía eléctrica por parte do concello”, lembraba o alcalde, Bernardo Fernández.

Primeiras sesións da nova edición do obradoiro de emprego ‘Ártabroemprende’



O alcalde, Bernardo Fernández, deu a benvida aos alumnos.

O edificio de Foremdes acolleu en outubro as primeiras sesións da terceira edición do obradoiro de emprego ‘Ártabroemprende’, promovido polos concellos de Pontedeume, Miño, Cabanas, Monfero e Paderne.

Nesta edición, a duración destas actividades de formación amplíase a doce meses e permitirá ás 20 persoas participantes obter os certificados de profesionalidade nas especialidades de ‘Instalación e mantemento de xardíns e zonas verdes’ e ‘Actividades auxiliares en conservación e mellora de montes’.

Os participantes recibirán o 100% do Salario Mínimo Interprofesional, incluída a parte proporcional de dúas pagas extraordinarias. Esta iniciativa formativa acadou unha subvención de máis de 500.000 euros para a súa realización por parte da Conse-

llería de Emprego e Igualdade.

O proceso selectivo inicial do persoal que puido optar a este obradoiro correspondeu ao INEM, non aos concellos participantes.

O alumnado correspondente á especialidade de ‘Mantemento de xardíns e zonas verdes’ realizará as súas prácticas no Paseo Marítimo Rosalía de Castro e no Parque Alcalde Sarmiento.

Polo que respecta á especialidade de ‘Actividades auxiliares en conservación e mellora de montes’, actuará sobre os camiños de Vilar aos Chapizos; a rúa Calexa; os roteiros peonís á ermida de Bremao e ao Castelo de Andrade; así como os lavadoiros de Chao e Rega de Ombre; a fonte pública da estación de FFCC; a fonte de Santa Margarita; Costa de Vilar; e a fonte dos Pollos.

Recuperados os lavadoiros do Castro e Cruz do Cabildo

A posta en valor do patrimonio arquitectónico local levou ao Concello de Pontedeume a poñer en marcha un plan de mellora e recuperación das fontes e lavadoiros da vila, que neste mes de outubro afectou aos de Castro e Cruz do Cabildo.

Os traballos, consistentes no empedrado do acceso e arredores das dúas fontes, así como na limpeza ou pintado das

mesmas e a reconstrución do lavadoiro do Castro, atópanse actualmente moi avanzados. “Esta actuación enmárcase dentro do plan de recuperación e mellora deste tipo de elementos posto en marcha coa nosa chegada ao goberno, ao que daremos continuidade nos vindeiros meses con actuacións similares noutras fontes e lavadoiros do municipio”, ex-

plicou o alcalde, Bernardo Fernández.

Estando a redactar actualmente varios proxectos de rehabilitación de distintos lavadoiros e fontes do rural eumés. “Así mesmo, estamos a tramitar a autorización pertinente para a limpeza da canle, lavadoiro e río de Esteiro; unha vez chegue ao concello, procederase á súa limpeza”, engadiu o alcalde.



Un dos lavadoiros recentemente recuperados.

Continúa a posta a punta de rúas e viais na vila

Dentro do plan integral de melloras de viais que vén implementando o goberno eumés, este pasado mes remataron os traballos de pavimentación da rúa Torrente Ballester e comenaron case ao mesmo tempo os da rúa Frei Gumerindo Pracer.

O primeiro proxecto incluíu a construción con granito dun muro de contención que se ampliou ata os 54 metros de longo por 3,5 de altura media na parte final da rúa coa instalación, así mesmo, dunha baranda. Ademais, tamén se pavimentou toda a vía con formigón desactivado.

“Desta forma dotaremos á rúa de varias canles con rexistros para a recollida de augas pluviais, así como a construción de novas beirarrúas ampliando o ancho das mesmas para cumprir coa normativa e facilitar o seu uso”, detallaba o alcalde,

Bernardo Fernández ao remate dos traballos.

As obras de mellora no Concello de Pontedeume tamén concluíron na zona que vai do muro de contención á estrada DP-4803, que se pavimentou en formigón. “Gañamos así catro prazas de estacionamento que quedaron debidamente sinalizadas, ademais de engadir un espazo que era necesario para colocar os colectores de recollida do lixo e os de reciclaxe de residuos”, engadiu o alcalde.

En canto as obras de pavimentación da rúa Frei Gumerindo Pracer —situada aos pés do torreón dos Andrade—, os traballos, cun orzamento de 90.000 euros, servirán para substituír o pavimento deteriorado do vial por adoquín e baldosa de granito, dando continuidade á estética da avenida do Peirao”.



Novo aspecto da rúa Torrente Ballester tralas obras.

Éxito da sétima edición da mostra ‘Pontedearte’

A casa da Cultura de Pontedeume acolle ata o 7 de novembro a sétima edición da mostra de pintura “Pontedearte”, que xa recibiu a centos de visitantes.

A exposición reúne a obra de 35 artistas locais maiores de 35 anos que reciben ou estudian nalgunha academia, estudio ou particular da vila. Permanecerá aberta ao público de martes a domingo en horario de 18:00 a 20:00 horas.

Nesta ocasión participan 28 expositores cun total de 48 obras que amosan os diferentes estilos pictóricos cos que traballan os artistas eumeses. A mostra “Pontedearte” é un exemplo do interese do concello de Pontedeume por potenciar a pintura e os artistas de Pontedeume e dinamizar a oferta cultural local.



AS PONTES



Valentín González, Reyes Maroto e José Miñones, durante a visita da ministra ás Pontes.

Maroto refrenda o compromiso do Goberno coa transición de As Pontes

A TITULAR DE INDUSTRIA NO ESTADO VISITOU A VILA PARA COÑECER OS PROXECTOS EN MARCHA E AS DEMANDAS DO SECTOR

A Ministra de Industria, Comercio e Turismo, Reyes Maroto, visitou o pasado 21 de outubro a vila de As Pontes, acompañada do delegado do Goberno en Galicia, José Miñones, o Concello das Pontes. O alcalde, Valentín González Formoso, que exerceu como anfitrión, agradeceu o esforzo da Ministra para facer un oco na súa axenda e achegarse ata o municipio, destacando que se trata dunha visita moi importante para unha localidade que se atopa en proceso de transición “nun momento no que despois

de moito esforzo, cunha forte mentalidade industrial, atesourada ao longo de 50 anos, parece que imos seguir sendo unha referencia no ámbito da industria pesada”

“Somos o principal complexo eléctrico do Estado a día de hoxe, somos capaces de xerar enerxías con tecnoloxías moi variadas e cunha mentalidade industrial que é preciso preservar e que fai que os proxectos industriais teñan o respaldo da sociedade. Que hoxe poidamos estar falando de proxectos tan importantes como unha

planta de hidróxeno, unha fábrica de papel tisú ou unha fábrica de pneumáticos de última xeración é ilusionante”, engadiu o rexedor local.

González Formoso lembrou que son proxectos que nalgúns casos van precisar de autorizacións do Estado, en todos os casos de autorizacións autonómicas, en algún reforzo económico por parte do Estado e en todos reforzo económico autonómico así como a implicación municipal. “Esa mistura vaise dar e, probablemente, gozemos dunha inversión de 1.300 millóns de euros nos próximos anos, que xunto con Navantia, farán que esta comarca rexurda outra vez como o que foi e como o que non quere deixar de ser: un polo industrial de referencia en Galicia”, concluíu o alcalde.

Pola súa banda, a Ministra de Industria, Comercio e Turismo, Reyes Maroto, resaltou que “a comarca está sufrindo unha transición e ten que ver o futuro con optimismo e para iso son precisos enclaves, proxectos e é necesario establecer prioridades para poder financiar os proxectos que hoxe están sobre a mesa e que representan o futuro da comarca”.

Maroto confirmou o compromiso por parte do Goberno para que esa transición veña acompañada de recursos, non só a través dos Fondos Europeos senón tamén a través dos orzamentos xerais do Estado, para que dalgunha maneira dean continuidade ao compromiso coa política industrial.

“Temos que facer un esforzo colectivo, para que de novo, en As Pontes e nesta comarca, a industria sexa presente pero, sobre todo, sexa futuro e estea vinculada á transición ecolóxica, na que estamos comprometidos, e que pode ser unha oportunidade para falar de novos empregos, de novas empresas, e para facelo desde o corazón da industria galega, desde As Pontes”.

Licitada a cuarta fase das obras de mellora da avenida de América

Xa está licitada a cuarta fase das obras de mellora de pavimentos e servizos da Avenida de Galicia. Esta actuación, cun orzamento de 233.904,23 euros e financiada integramente pola Deputación de A Coruña a través do Plan de Obras e Servizos, permitirá darlle continuidade ao proxecto de rehabilitación, humanización e mellora da accesibilidade levado a cabo polo goberno local na principal vía de comunicación do municipio, a través da renovación da Praza do Hospital e as obras das tres fases anteriores executadas na avenida de Galicia.

Os traballos incluídos neste proxecto permitirán a eliminación de desnivel entre a estrada e as beirarrúas peonís, a mellora da iluminación e a separación da rede de drenaxe da rede de saneamento.

Así, procederase ao retranqueo dos farois existentes e das sinais de tráfico, substituíranse as varandas existente por unha varanda de aceiro inoxidable. Será necesario fresar e demoler o firme existente para poder estender o novo pavimento que, no caso da zona de rodadura e aparcamentos realizarase mediante formigón bituminoso cun acabado impreso con debuxo de lastro e protexido cunha capa de resinas.

A beirarrúa peonil realizarase con baldosa prefabricada, seguindo a liña estrutural e estética da zona. Entre a baldosa e o aglomerado disporase unha fila de lastro de cor negra, prefabricado de formigón. Nos accesos aos pasos peonís e no acceso á rampla executarase pavimentos con baldosa de botóns para diferenciar o pavimento e alertar ás persoas con discapacidade visual.



O Centro Nacional do Hidróxeno coñece o proxecto de Reganosa e EDP Renovables

As Pontes acolleu este mes de outubro un encontro entre a concelleira de Industria, Ana Pena, xunto a dous representantes de Reganosa e Emilio Nieto, director do Centro Nacional do Hidróxeno para presentarlle o proxecto de creación dunha planta de hidróxeno verde no municipio.

Ana Pena sinalou que este tipo de contactos están a manterse de forma habitual sina-

lando que é “a nosa obrigación e o noso deber, polo interese do municipio, facilitar colaboracións e prestar todo o apoio necesario para impulsar o proxecto no que traballan Reganosa e EDP Renovables. Este encontro responde a esta finalidade, buscamos que o Centro Nacional do Hidróxeno, hoxe representado por Emilio Nieto, poida coñecerlo en primeira persoa e avaliar a

posibilidade de establecer sinerxías”

A concelleira de Industria lembrou a gran importancia e transcendencia que ten, non só para As Pontes e a comarca, senón tamén para todo o territorio autonómico, foi declarado proxecto estratéxico hai apenas 45 días.

Pola súa banda, Emilio Nieto sinalou que se trata da primeira planta que se está pro-

movendo en Galicia e “grazas á invitación do Concello puiden coñecer de primeira man o proxecto.

Nesta primeira reunión expuxéronme as distintas fases dun proxecto, ideado para producir hidróxeno que poderá ser usado nas diferentes industrias anexas para poder reducir o consumo actual de todos os procesos que teñen con consumos carbónicos”.

CABANAS



Entrega dun dos composteiros durante o primeiro programa municipal.

Cabanas inicia unha nova fase do programa de compostaxe doméstica

O Concello de Cabanas vén de anunciar a posta en marcha dunha nova fase do programa de compostaxe doméstica, a cuarta do programa “Cabanas Sostíbel impulsado pola área de medio ambiente, que chega despois do éxito das tres fases anteriores, nas que se repartiron 110 composteiros domésticos.

Esta nova iniciativa consiste na cesión gratuíta de composteiros domésticos, combinada con campañas informativas e

visitas de persoal especializado ás propias vivendas para a súa implementación e, posteriormente, para realizar o seguimento e asesorar sobre o uso axeitado do equipamento.

Os composteiros teñen unha capacidade de 400 litros, e están fabricados en material 100% reciclado. Contan cunha tapa superior con peche anti-vento e dobre apertura, así como un sistema de montaxe sinxelo. Xunto a eles, entregáranse uns

kits de compostaxe, compostos por un aireador de aceiro inoxidable, rede antirroedores e manual en papel impreso coa información necesaria para a correcta realización da compostaxe.

Aquelas persoas e familias que desexen formar parte desta iniciativa, poden facer a reserva gratuíta do seu composteiro cumprimentando o formulario dispoñíbel na páxina web do Concello.

Volven os obradoiros do programa “Envellecemento activo”

A área de servizos sociais do Concello de Cabanas vén de poñer en marcha o pasado mes de outubro unha nova edición do programa de obradoiros “Envellecemento Activo”, que se desenvolverán os venres en Laraxe (de 17:00 a 18.30 horas) e os martes en As Viñas (de 11:00 a 12.30 horas), coa posibilidade de empregar un servizo de autobús para chegar ata o local desde os diferentes núcleos do termo municipal.

“O programa de Envellecemento Activo ten entre os seus obxectivos promover o benestar persoal e social das persoas maiores e fomentar a súa participación para evitar o illamento social”, sinalou a concelleira da área de servizos sociais, Diana Rodríguez, quen tamén valorou os beneficios do mesmo para previr situacións de risco social e romper cos estereotipos que rodean este colectivo.

As destinatarias son, de ma-

neira preferente, as persoas maiores de 55 anos, e as actividades son específicas ás demandas do grupo.

Aínda que o programa xa deu comezo, as mulleres e homes maiores de 55 anos interesados en incorporarse ao mesmo —ou en deixar os seus datos para futuras edicións—, poden dirixirse á área de servizos sociais, a través do correo electrónico servizos.sociais@cabanas.gal ou chamando ao 981 495 959 -extensión 6-.

Rematadas as obras de mellora do firme en Corredoira da Igrexa e Camiño do Río

Xa remataron os traballos de mellora en Corredoira da Igrexa e Camiño do Río, consistentes no aglomerado do firme, pintado e sinalización e limpeza de cunetas. A actuación ascendeu a un total de 37.839 euros, que foron financiados polo Plan de Obras e Servizos POS+2020 da Deputación de Coruña.

Previamente, na mesma zona, procedeuse á eliminación de 170 metros de tubaxe de fibrocemento, que foron

substituídos por tubos de polietileno, e que se suman aos 430 metros que foron substituídos tamén en Os Salgueiros, cunha axuda específica da Xunta para estas cuestións.

A concelleira de infraestruturas, Concepción Rodríguez, amosouse satisfeita polo resultado destas actuacións que se enmarcan dentro dos plans de mellora do firme en camiños postos en marcha polo goberno municipal.



Remate das obras nun dos viais.

Premiado un dos proxectos do Centro de Interpretación do Medio Mariño de Cabanas

O Centro de Interpretación do Medio Mariño de Cabanas (CIMM) recibiu o pasado 28 de outubro o premio ao mellor proxecto realizado polas Administracións Locais no GALP Golfo Ártabro Norte. O CIMM, impulsado pola área de medio ambiente do Concello de Cabanas, naceu como un espazo de encontro para a veciñanza e visitantes, no que afondar no coñecemento e a divulgación de contidos ligados ao mar e á cultura mariñeira.

O responsábel do proxecto, Iago Varela, foi o encargado de recoller o premio na tarde deste xoves nunha gala celebrada en Narón. O proxecto do CIMM incluíu nas súas accións a construción do espazo físico do Centro de Interpretación, mais

tamén outras actividades, como a creación dunha exposición, un showcooking de elaboracións a partir de produtos mariñeiros e proximidade, a elaboración de contidos didácticos para escolares e saídas interpretativas para coñecer o entorno marítimo de Cabanas e a súa contorna.

Durante os cinco meses que leva funcionando, o Centro de Interpretación do Medio Mariño de Cabanas acolleu varias exposicións temporais en colaboración con diversas entidades, así como obradoiros con escolares, roteiros interpretativos e mesmo unha innovadora sesión interpretativa en directo dos fondos que supuxo un importante —e innovador— desenvolvemento tecnolóxico.

PROGRAMACIÓN CULTURAL

NOVEMBRO 2022

4 VENRES

★ A. M. ALOVI 21.00 h | +12 | 100'

TEATRO**CONTRAPRODUCCIÓN — CIGARREIRAS**

Rede Galega de teatros e auditorios do Agadic

aspones.sacatuentrada.es

5 SÁBADO

★ A. M. ALOVI 19.30 h | TP | 90'

MÚSICA CORAIS**CONCERTO DE OUTONO VILA DAS PONTES 2022**

Coral S. Esteban de Negros – Redondela / Coral polifónica – Foz / Agrupación Coral – As Pontes

6 DOMINGO

★ MONTE CAXADO 10.00 h | TP | *

BAILE**I TROFEO BAILE DEPORTIVO**

CAMPIONATO GALEGO DE LATINOS E CAMPIONATO GALEGO DE BAILES CARIBEÑOS

- Pavillón do CEIP Monte Caxado.
- * A partir das 10.00h durante todo o día.



10 XOVES

★ CASA DOPESO 18.00 h | +3 | 45'

TÍTERES**TARABELOS — SABELA E O PAXARO MÁXICO**

Rede Cultural da Deputación

Entrada de balde previa inscrición na biblioteca municipal

11 VENRES

★ CASA DOPESO 21.00 h | TP | 60'

RECITAL POÉTICO
GRUPO ALALÁ

★ A. M. ALOVI 21.00 h | +12 | 80'

TEATRO DE IMPROVISACIÓN**GALLAECIA EVENTOS — COLECCIONISTAS. A ARTE FEITA COMEDIA**

Rede Galega de teatros e auditorios do Agadic

aspones.sacatuentrada.es

12 SÁBADO

★ A. M. ALOVI 19.00h | +12 | 60'

TEATRO — ÓPERA**O REFLEXO. UNHA HOMENAXE A EMILIA PARDO BAZÁN**

aspones.sacatuentrada.es

19 SÁBADO

★ A. M. ALOVI 19.00h | TP | 90'

MÚSICA**BORJA QUIZA — A EMIGRACIÓN GALEGA, CANCIÓNS DE IDA E VOLTA**

aspones.sacatuentrada.es

23 MÉRCORES

★ CASA DOPESO 19.00 h | TP | 60'

MÚSICA**STA. ICÍA — CONCERTO DO PROFESORADO DO CONSERVATORIO**

24 XOVES

★ A. M. ALOVI 12.00 h | ESC. | 50'

MÚSICA E CLOWN**N+1 CUARTETO ALICERCE — DIVERTIMENTOS**

Concerto para escolares

★ CASA DOPESO 18.00 h | +5 | 45'

CONTACONTOS**RAQUEL QUEIZÁS — CINEMA DE HISTORIAS**

Entrada de balde previa inscrición na biblioteca municipal

25 VENRES

★ A. M. ALOVI 21.00 h | +16 | 75'

TEATRO**DESTEXEITO PRODUCCIÓN FEMINISSIMAS**DÍA I. CONTRA A VIOLENCIA DE XÉNERO
Rede Galega de teatros e auditorios do Agadic

aspones.sacatuentrada.es

26 SÁBADO

★ A. M. ALOVI 12.00 h | TP | 60'

MÚSICA**STA. ICÍA — GRUPOS OS FEROCES E NO COMBARO / E.M. DE ACORDEÓNS**

★ A. M. ALOVI 18.30 h | TP | 90'

MÚSICA**STA. ICÍA — RONDALLA VILA DAS PONTES, BANDA DE MÚSICA XUVENIL, BANDA C. R. DAS PONTES E BANDA DE GAITAS DA ESCOLA MUNICIPAL**

27 DOMINGO

★ RIBADEUME 13.00 h | TP | 90'

MÚSICA**MISA E OFRENDA FLORAL DE STA. ICÍA CO CONCERTO DO GRUPO CANAVELLA****VENDA ANTICIPADA**<https://aspones.sacatuentrada.es>**VENDA EN TAQUILLA DO ALOVI**

Aberto só os días do espectáculo desde unha hora antes do comezo do mesmo e peche 15 minutos antes do inicio da función.

+INFO — www.aspones.org

VALDOVIÑO

Valdoviño e Ferrol lideran a primeira rede de Pobos do Surf de España

TRÁTASE DUN **PROXECTO PIONEIRO PARA POTENCIAR O TURISMO LIGADO A ESTE DEPORTE** E ESTARÁ INTEGRADO POR FERROL, VALDOVIÑO, CARBALLO, GETXO EN EUSKADI, RIBAMONTÁN AL MAR EN CANTABRIA E CASTRILLÓN EN ASTURIAS

A Mancomunidade de Concellos da Comarca de Ferrol, na que se integran Ferrol e Valdoviño; a localidade de Carballo e os municipios de Getxo -Euskadi-, Ribamontán al Mar -Cantabria- e Castrillón -Asturias- construírán unha Rede de Pobos do Surf cunha importante axuda económica do programa 'Experiencias Turismo España'. Así o avanzaron o presidente da Mancomunidade e alcalde de Ferrol, Ángel Mato, e os rexedores de Carballo, Evencio Ferreiro, e Valdoviño, Alberto González. Comparecían conxuntamente no Océano Surf Museo de Valdoviño, o único adicado en España a este deporte, para informar da concesión dunha subvención próxima ao medio millón de euros por parte do Ministerio de Industria, Comercio e Consumo que permitirá afrontar este ambicioso proxecto turístico co respaldo dos fondos europeos Next Generation, e que liderará a propia Mancomunidade.

A rede de Pobos do Surf pretende ser unha nova experiencia a nivel país e unha ferramenta de traballo colaborativo na xestión sostible do turismo de surf dun modo integral, que contribúa á conservación do medio natural, fomentando a protección das ondas e da costa e a súa regulación, e á promoción do patrimonio cultural, con especial énfase na gastronomía e a historia de cada municipio que forma parte da rede e da totalidade da Mancomunidade.

Así, o proxecto contempla a creación de novos produtos turísticos ligados a actividades sostíbeis tematizadas -Surf e patrimonio cultural, Surf e Lecer en Familia ou Surf e Gastronomía-, tendentes á desestacionalización do turismo nos respectivos territorios. Esta é, precisamente, unha das actuacións concretas da rede, así como outras como a creación dunha imaxe de marca propia; a posta en marcha dunha web corporativa de Pobos do Surf e perfís nas diferentes redes sociais; campañas de divulgación e sensibilización a través das redes e de promoción en medios de comunicación; deseño e execución de formación online para a mellora da competitividade do sector turístico vinculado



Os alcaldes dos concellos asinantes da nova entidade, no museo do surf de Valdoviño.

ao surf respecto á enerxía e dixitalización, e deseño e execución de xornadas de asesoramento para a posta en marcha de novos negocios ou liñas de servizos.

Así mesmo, escolas de surf, camps, surf shops, shapers (fabricantes artesáns de táboas de surf), empresas proveedoras de material, empresas de aloxamento e restauración, empresas de organización de eventos deportivos, así como outros operadores turísticos relacionados beneficiaríanse especialmente do proxecto a través da participación directa nas accións propostas e como beneficiarios indirectos do desenvolvemento sostible do turismo de surf. Nesta liña, estímase a existencia dunhas 120 empresas específicas liga-



das ao surf no conxunto das entidades locais que promoven a iniciativa.

Ademais, non se descarta ampliar o número de "socios", e por tanto, o territorio da rede en base aos resultados desta primeira experiencia que impulsan localidades hoxe en día auténticos referentes como destinos surf en España.

Surf Business Meeting

O alcalde de Valdoviño, Alberto González, desprazouse a Bilbao para participar no Foro Industria e Turismo Surf celebrado no marco do VI Surf Business Meeting, un evento anual impulsado polo Concello de Sopela, centrado no intercambio e exposición de boas prácticas a través de ponencias

e encontros entre profesionais de referencia e representantes das diferentes administracións, que ten como obxectivo inspirar e apoiar a profesionais e persoas emprendedoras.

Alberto González compartiu exposición con concelleiros e técnicos dos municipios de Castrillón -Asturias- e de Ribamontán al Mar -Cantabria-, dous dos "socios" do proxecto Rede de Pobos do Surf que lidera a Mancomunidade ao abeiro do programa 'Experiencias Turismo España'. O alcalde abordou o traballo de Valdoviño para situar o surf como elemento de desenvolvemento económico, priorizando a colaboración con outras administracións e coa iniciativa privada.

Así mesmo, Alberto González, tamén aproveitou a visita para iniciar unha rolda de contactos con empresas do sector, especialmente turoperadores, e intercambiar experiencias co viceconselleiro de Turismo do Goberno vasco, Jesús María García de Cos, encargado de inaugurar a xornada.

NARÓN



Showcooking do chef Antonio Díaz.

Éxito da XXI Feira do mel de Narón

A CITA INCLUIU UN **SHOWCOOKING** E POSTOS DO SECTOR PRIMARIO

O recinto feiral do Trece, en Sedes, acolleu o 22 e 23 de outubro a vixésimo primeira edición da “Feira do mel e sector primario de Narón”. Unha cita que logrou un gran éxito e á que acudiron centos de veciños e visitantes de tódala comarca durante as dúas xornadas. Unha vintena de postos de venda de mel e outros produtos amosaron no interior do recinto feiral diferentes variedades que se poden probar e adquirir.

Unha das actividades máis concurridas foi o showcooking con diferentes elaboracións a base de mel e na que participaron unha trintena de persoas, que tiveron a oportunidade de degustar as propostas preparadas para a ocasión polo chef Antonio Díaz. En total foron catro elaboracións dun menú didáctico: Gnoquis á carbonara de mel de silva e bacon de porco celta; xarda a soplete “lacada” con mel de eucalipto e pole; tosta de roxón de cachena ó mel de breixo e gofre de manteiga de Queixerías do Eume con xeadó de mel monofloral de castiñeiro.

A medida que se cocinaba



Un dos postos de meles da feira.

Díaz ía ofrecendo unha serie de explicacións aos asistentes sobre os diferentes tipos de mel que se poden etiquetar baixo a Indicación Xeográfica Protexida (IXP) Mel de Galicia –multifloral, de zarzamora ou silva, de eucalipto, castaño, brezo ou de mielarda ou mielato-, entre outros relacionados co mel.

As nenas e nenos tiveron

tamén a oportunidade pola mañá de participar nun obradoiro infantil de pintacaras e outro de elaboración de diademas de abellas. Xunto aos postos de venda de mel tamén se instalaron no recinto feiral do Trece outros de queixos, froitas, marmeladas, crema de castañas, embutidos, produtos da horta, flores, entre outros.

Piñeiros contará cunha zona verde para o ocio e o deporte

Os proxectos de urbanización e dotación de zona verde con equipamento na rúa Camiño do Peregrino e o seu entorno, na parroquia de Piñeiros, suporán ás arcas municipais un desembolso duns 640.000 euros. Este pasado mes de outubro se iniciaron xa os traballos de urbanización. “Estas dúas actuacións suporán un importante cambio de imaxe nesta zona de Piñeiros e ofrecerán ás veciñas e veciños unha nova alternativa de lecer, con propostas diferentes ás ubicadas noutros puntos da cidade”, asegurou a alcaldesa Marián Ferreiro nunha recente visita á zona.

En canto ao proxecto de urbanización integral dun tramo da rúa Camiño do Peregrino a alcaldesa apuntou que os traballos previstos execútanse dende hai unhas semanas nun espazo de aproximadamente 160 metros da citada vía e outros terreos adxacentes que separan ese tramo do itinerario do Camiño de Santiago ao seu paso por Piñeiros. A actuación prevista permite habilitar unha beirarrúa cun ancho mínimo de 1,80 metros paralela ao vial existente e formando un itinerario opcional ao da estrada de Castela e igualmente accesible, tal e como figura no proxecto. No outro lado do vial habilitarase outra beirarrúa e regularanse espazos específicos para o estacionamento de vehículos, tanto

en liña como en espiga, e a maiores procederase á renovación do firme. O prazo de execución dos traballos é, neste caso, de catro meses.

A rexedora local explicou tamén que o acondicionamento do entorno da rúa Camiño do Peregrino contempla sendas peatonais e espazos verdes que albergarán un espazo de ocio. “Haberá tres zonas diferenciadas, cun área de esparcemento con arbolado, bancos e unha fonte, outra para practicar o parkour con distintos elementos e outra cun bowl en forma de 8 e con tres zonas de altura diferenciadas para a práctica do skateboard”, avanzou. Os traballos están en proceso de licitación e o prazo de execución é de seis meses, tal e como consta no prego deste proxecto.

A alcaldesa destacou o feito de que “o acondicionamento deste área complétase na zona coa senda peonil e ciclista que enlazará os paseos de Xuvia e Freixeiro, á que se destina un investimento de algo máis dun millón de euros. “Continuamos avanzando no deseño do futuro da cidade, materializando proxectos que permitirán que Narón continúe sendo un referente en zonas verdes e espazos de lecer e tamén ofrecendo ás veciñas e veciños equipamentos para a práctica de diferentes modalidades deportivas”, recalcou Ferreiro.



Visita da alcaldesa á zona das obras.

CEDEIRA



Cedeira incorpora os novos contedores marróns para a recollida de biorresiduos

O Concello de Cedeira vén de sacar a licitación un contrato para a subministración do equipo e materiais para a implantación do novo sistema de recollida selectiva de biorresiduos. É o contedor marrón, tamén chamado “de quinta fracción”, que os municipios de máis de 5.000 habitantes están obrigados a instalar para cumprir coa lexislación e os obxectivos de reciclaxe de residuos marcados pola Unión Europea. Na vila empregaranse colectores con fechadura, que segundo se ten demostrado, garanten maior compromiso da cidadanía e menos número de improprios nos residuos depositados.

O alcalde, Pablo Diego Moreda Gil, explicou que o contedor marrón permitirá acadar os obxectivos propostos pola UE, aportando beneficios medioambientais, xa que a recuperación por separado de materia orgánica biodegradable redundará nunha mellor recollida selectiva do resto de residuos reciclables, reducindo a cantidade destes que chegan a vertedoiro. Ademais, o biorresiduo terá aproveitamento como fertilizante ou xerador de enerxía.

O concurso publicado polo Concello, a través da Plataforma de Contratación do Sector Público, establece un prezo de 26.509,41€ (IVE incluído) para

a subministración de 25 colectores de 800 litros de capacidade e outros 100 de 360 litros. Estes colectores situaranse na vía pública e distribuiranse chaves entre a veciñanza para que poida facer uso deles. Neles poderán depositarse restos de alimentos crus ou cociñados, pelicas de froitas, cascas de ovos e froitos secos, pousos de café e papel de cociña usado, entre outros.

Xunto cos citados 125 contedores, na licitación inclúese tamén a subministración de 93 caldeiros domésticos e 744 rollos de bolsas compostables –de

30 bolsas cada un-, que o Concello distribuirá entre a cidadanía para fomentar a participación activa na recollida selectiva dos biorresiduos.

Moreda Gil informou que o Concello conta con axudas, procedentes dos fondos europeos no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia a través da convocatoria feita pola Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, para a implantación desta mellora no sistema de recollida de residuos, tanto para a compra dos equipamentos como para a realización de

dúas campañas de información e sensibilización da poboación en xeral, por un lado, e dos grandes xeradores de biorresiduos, por outro.

O alcalde destacou o compromiso do goberno local co medio ambiente e o traballo feito nos últimos anos para avanzar na xestión de residuos, entre outras cousas coa compra de novos colectores, o reparto de composteiros domésticos e campañas de sensibilización como a que advirte, ao pé dos sumidoiros na rúa, dos prexuízos de tirar cabichas e outras cousas ao chan.

Unanimidade para levantar un centro de saúde en terreos municipais

O pleno da corporación de Cedeira aprobou por unanimidade en sesión extraordinaria o cambio de uso da parcela dotacional situada xunto a estación de autobuses para que poida albergar un centro de saúde de nova construción que resposte adecuadamente ás necesidades da poboación, tal como leva anos demandando o goberno local.

A parcela de titularidade municipal que está situada na rúa da Veiga, xunto á estación de autobuses, permitirá levar adiante a construción dun novo centro de saúde con dúas plantas de 1.000 metros cadrados cada unha. Tal e como expón a proposta da Alcaldía, os informes favorables do arquitecto municipal e a interventora corroboran que é posible facer o cambio de uso de dita parcela sen necesidade de seguir o procedemento de modificación do PXOM. O cambio de criterio, despois de largo tempo traballando para a ampliación do actual centro de saúde, produciuse nunha reunión co conselleiro de Sanidade, Julio García Comesaña, o pasado 5 de outubro. Á vista das condicións que impón a Lei de Costas, os técnicos do organismo autonómico apuntaron entón que sería máis económica a construción dun novo edificio. Desde o mesmo día, o goberno municipal traballou para acelerar os trámites e poder levar a pleno canto antes a proposta para o cambio de uso da parcela.

Moreda explicou que a intención do Concello, ademais de poñer a disposición de Sanidade o solo necesario, é facerse no futuro con terreos adxacentes para crear novas prazas de aparcamento e un parque público. A parcela municipal, que actualmente ten usos deportivos e de aparcamento, está preto do IES Punta Candieira, o campo de fútbol e o polideportivo e piscina municipais. A intención é desenvolver a zona tal como está previsto no PXOM para dar servizo ao futuro Centro de Saúde, comunicando a rúa Río da Veiga co Camiño de Pitilleira e a estación de autobuses e abrindo unha nova rúa que conecte coa avenida de España.

Nova campaña medioambiental

O Concello porá en marcha un programa de separación do aceite vexetal

■ O concello de Cedeira desenvolverá nas próximas semanas unha campaña medioambiental para fomentar a separación do aceite vexetal de orixe doméstica. Dende que no ano 2016 se iniciara a recollida selectiva dos aceites domésticos usados, con sete puntos habilitados para este fin no termo municipal, o número de colectores foise incrementando e tamén a cantidade de aceite recollida ata acadar os máximos de 5005 quilos

por ano de aceite entregados, nos 17 colectores repartidos polo municipio; evitándose así unha contaminación estimada de 5.505.500 litros ao ano de auga. As accións previstas asociadas á campaña irán dende a procura da sensibilización cos problemas que xera ao medio ambiente a incorrecta xestión do aceite doméstico usado, pasando por actuacións que facilitarán á veciñanza o hábito cotián de separación do aceite.

Lembrar que, no mellor dos casos, o aceite desbotado polos vertedoiros chega ás estacións depuradoras, ocasionando altos custos de limpeza e mantemento; no peor dos casos, eses aceites poden acabar no río ou no mar causando serios problemas na flora e fauna mariña. Aproveitase ademais, para incidir na importancia da recollida selectiva doutros residuos domésticos, para os que o concello ofrece unha ampla gama de colectores; e facilita tamén a recollida a través do punto limpo fixo e a domicilio, no caso de enseres ou residuos de gran porte.

ARES



Teresa Ribera xunto ao alcalde de Ares, Julio Iglesias, e o delegado do Goberno, José Miñones.

A ministra Teresa Ribera achégase ás actuacións de eficiencia enerxética en Ares

DESTACOU QUE O INVESTIMENTO CON ESTE FIN NOS ÚLTIMOS ANOS, ENTRE O GOBERNO E A INSTITUCIÓN MUNICIPAL, SITÚASE **PRETO DO MILLÓN DE EUROS**

A ministra para a Transición Ecolóxica, Teresa Ribera, visitou este pasado mes de outubro o concello de Ares para coñecer de primeira mán as diferentes inversións realizadas nos últimos anos en materia de eficiencia enerxética na contorna de Ares, en base ó esforzo conxunto do Concello e o Goberno Central.

O alcalde de Ares, Julio Iglesias Redondo, e membros da executiva municipal recibiron á ministra, que estivo acompañada polo delegado do Goberno, José Miñones, e a directora do Instituto para a Transición Justa, Laura Martín. Dende o consistorio, onde asinou o libro

de ouro do municipio, as autoridades percorreron os espazos públicos que xa se viron beneficiados das medidas de eficiencia enerxética. Achegáronse ós novos alumbrados LEDs do casco urbano de Ares e trasladáronse á Praza da Constitución para comprobar a instalación de paneis fotovoltaicos na Casa da Xuventude ou no edificio de Servizos Sociais.

A visita rematou nas Alianzas Aresanas, onde o alcalde do municipio contextualizou o número de actuacións executadas, con luz verde ou en execución -en total, 7 grandes iniciativas centradas na eficiencia enerxética- e o seu peso económico -

máis dun millón de euros-. A substitución de caldeiras de gasóleo por caldeiras de biomasa no consistorio, na biblioteca municipal e o campo de fútbol Prados Vellos atópase en fase de presentación do que será o seu proxecto definitivo.

Para a posta en marcha destes proxectos cobra especial relevancia a estreita colaboración entre Concello-Goberno Central, con fondos do Instituto para a Diversificación e Aorro da Enerxía (IDAE) dependente do Ministerio presidido por Teresa Ribera. Durante o acto, a ministra fixo fincapé no aforro económico que supoñen todas estas medidas.

Xa son 23 as queixas remitidas á Xunta polo transporte público

O Concello aresán remitiu unha nova queixa ás entidades responsables das prestacións do servizo de transporte público metropolitano na comarca. UTE Hércules Norte e Consellería de Mobilidade da Xunta de Galicia recibirán a que será a vixésimo-terceira queixa da institución local no 2022, todas elas trasladando os incumprimentos constantes nos horarios e liñas asignados pola propia empresa adxudicataria que os cubre.

Nesta última comunicación por escrito expónse, de novo, claras deficiencias no autobús que leva ao alumnado do IES de Mugardos residente en Ares ata o seu centro de ensino público.

Nun incidente a comezos do mes o vehículo que executaba a liña das 16:15 horas ó seu paso por Ares, cubrindo a necesidade de transporte do

estudantado nun día lectivo, “nin sequera pasou, deixando a 25 persoas en terra e obrigando a algúns pais -os que puideran- a empregar os seus coches particulares para que os seus fillos acudiran ó instituto”, en palabras do alcalde da localidade, Julio Iglesias Redondo.

Para o Concello, as deficiencias continúan a producirse malia a constante actividade de comunicacións por escrito da institución local e da veciñanza, comunicacións que tamén se envían á Xunta de Galicia.

Ás 23 queixas oficiais é necesario sumar as 1042 sinaturas recollidas entre a veciñanza polo Concello e que materializan o descontento xeral da cidadanía ante a situación actual, afectando directamente ó seu acceso a servizos básicos, espazos de estudo e tamén centros de traballo.



Ata 155 especies de aves habitan no municipio

A área de Medioambiente presentou este pasado mes o ‘Inventario e valoración da avifauna do concello de Ares’, un estudo promovido pola súa área de traballo que reflicte a biodiversidade aresá e debulla as diferentes aves silvestres que poden observarse nos espazos naturais e urbanos do municipio.

“O documento achega un listado de aves que nos permite identificar as especies de maior relevancia en Ares, pero tamén os hábitats existentes sobre o territorio con especial valor ornitolóxico. Coa información dispoñible, tamén podemos comezar a planificar proxectos de protección medioambiental máis preci-



sos”, salientou Lucía Blanco durante o acto.

O inventario comprende un total de 155 especies, 93 delas con presenza confirmada e un mínimo doutras 22 especies cunha presenza moi probable, “debido ao seu estatus común no conxunto do territorio comarcal”, segundo recolle o estudo.

Dentro deste catálogo, seis son as aves que presentan un alto interese pola súa inclusión no Catálogo Galego de Especies Ameazadas, No relativo ás aves vulnerables, o número ascende a cinco especies.

CERDIDO

Melloras no vial que vai desde Vila da Igrexa ata a Ponte de Arón

A ACTUACIÓN FINANCIARASE CO **PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN** ÁS OBRAS DA DEPUTACIÓN

O Concello de Cerdido aprobou por unanimidade no pleno extraordinario celebrado o pasado mes a súa participación no Plan Provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal, tamén denominado POS Adicional, da Deputación da Coruña. Con isto, apróbase a achega provincial asignada a dous obxectivos: cubrir os gastos correntes de servizos obrigatorios e a mellora do vial que vai desde Vila da Igrexa ata Piñeiro.

A actuación pretende mellorar o vial, que ten unha lonxitude de 850 metros, coa aplicación de aglomerado en quente a toda a plataforma, cubrindo os baches e perfilando os mordentes con grava e tratamento asfáltico semiprofundo. Tamén se fará a limpeza de gabias e salvagabias para o correcto drenaxe lonxitudinal, ademais de colocar unha nova sinalización. Con esta obra séguese avanzando a mellora nunha estrada que acapara unha gran parte do tráfico rodado do municipio.



Parroquia de Piñeiros.

Segundo apunta o alcalde, Benigno Galego, “con esta actuación melloramos as infraestruturas básicas existentes nestes núcleos do Concello, incre-

mentando o espazo de carácter público de calidade e cubrindo as necesidades básicas destas zonas do noso municipio”. “Esta obra segue a liña do noso

equipo de goberno de dotar do máximo número de servizos básicos e infraestruturas á nosa veciñanza” engadiu o rexedor socialista.

Novo servizo de recollida de aceites usados de cociña

O Concello de Cerdido pon en marcha un novo servizo de recollida de aceite usado de cociña. Este servizo nace froito dun convenio coa empresa Green Ambiental, e non terá custo ningún para as arcas municipais. Haberá catro colectores de aceite, situados en Felgosas, situado xunto co grupo de contedores que está detrais do Concello; no Porto, na parroquia de Barqueira, no punto de recollida próximo á igrexa; nos Casás, ao lado dos colectores do campo da igrexa e na AC – 102, á altura da Vila da Igrexa.


Os veciños e veciñas poderán recoller o aceite doméstico, unha vez usado, en botellas de plástico reutilizadas -as de deterxentes, ou de auga, ou calquera outra- e despois botalas ao contedor, debidamente pechadas coa súa tapa. A empresa xestora, ademais, comprométese a recoller de balde o aceite usado nos negocios hostaleiros do municipio que o soliciten. O alcalde, Benigno Galego, anima a toda a veciñanza a sumarse e colaborar na recollida de aceites vexetais. Cerdido irá coñecendo o volume de aceite que se deposita nos contedores e poderá poñer cifras a outro xesto máis pola natureza.

Marcela

Pan Da Casa Na Túa Porta

Telf. 608 767 747

Ferrol, Narón, Meirás e Valdoviño



CARIÑO



Parada dos alumnos nos cantís de Cabo Ortegal, en Cariño.

MARÍA MESÍAS

Alumnos de Xeoloxía da Complutense visitan o complexo de Cabo Ortegal

Trinta e dous alumnos do último curso da Facultade de Ciencias Xeolóxicas da Universidade Complutense de Madrid visitaron en outubro de Cabo Ortegal como parte da súa formación académica. Chegaron a Espasante o día 12 co obxectivo de ver, rexistrar e analizar as estruturas e materiais da sección costeira do complexo xeolóxico que lle dá nome ao noso proxecto de xeparque, un dos mellores lugares do mundo para comprender o ensamblado e posterior separación do supercontinente Panxea.

A expedición forma parte das estadias anuais e investigacións que vén desenvolvendo a UCM desde hai máis de 40 anos. O grupo de estudantes, encabezado polo catedrático Ricardo Arenas e o profesor Jacobo Abati, foi recibido este xoves á tarde na Casa do Concello de Cariño polo alcalde e presidente da Asociación para a Xestión do Xeparque de Cabo Ortegal, José Miguel Alonso Pumar, quen ademais de darlles a benvida tamén lles explicou o contido do proxecto de xeparque e, principalmente, como se relacionan nel a exclusividade xeolóxica e os programas de desenvolvemento sostible baseados no coñecemento, o turismo, a cultura e a posta en valor das potencialidades locais.



MARÍA MESÍAS

O alumnado foi quen de visitar en poucos días tódolos aqueles puntos que ofrecen a visión máis precisa posible do Complexo Xeolóxico de Cabo Ortegal, unha zona clave “para a investigación sobre como se formou Panxea, o último grande supercontinente, e tamén Panthalassa, o grande mar que o rodeaba”, explicou o catedrático e profesor de Petroloxía e Xeoquímica da UCM, Ricardo Arenas.

Alén de recrearse “nunha paisaxe espectacular”, os 32 futuros xeólogos e xeólogas desenvolven tarefas de campo coas que poñen en práctica coñecementos teóricos aprendidos nas aulas, ao tempo que ven sobre o terreo os signos sobre o comportamento da Terra nun período comprendido

entre hai 450 e hai 350 millóns de anos, cando os subcontinentes preexistentes completaron a súa integración en Panxea.

“Aquí, en tres ou catro días podemos ver 100 millóns de anos de cambios e evolución da Terra”, comentaba Batula Mohamed, estudante de último ano de orixe sudanesa que forma parte do grupo canda outros alumnos e alumnos tanto españois como doutras nacionalidades.

Eduardo Novo -alumno portugués que tamén estuda na Facultade de Ciencias Xeolóxicas da UCM- explicou que o percorrido pola marxe costeira do complexo xeolóxico lles permitiu “tocar e entender” o coñecemento adquirido nas clases.

Cariño comeza a elaborar dous roteiros mariñeiros polo municipio

AMBOS PERCORRIDOS REVIVIRÁN A HISTORIA PASADA, PRESENTE E FUTURA DA ACTIVIDADE DEDICADA AO MAR

Cariño vai poñer en marcha o proxecto «Cariño Mariñeiro», unha iniciativa centrada na posta en valor do patrimonio, a historia e a actividade mariñeira da vila a través da creación de dous percorridos polo territorio: un roteiro urbano e un roteiro litoral. Ambos percorridos revivirán a historia pasada, presente e futura da actividade dedicada ao mar a través dun paseo por este prodixioso litoral. A arquitectura mariñeira, as profesións do mar ou a carpintería de ribeira son algunhas das temáticas para experimentar nestes roteiros.

Para a elaboración destes itinerarios será preciso un proceso de documentación previa no que se contará coa participación dos axentes do territorio: veciñanza, profesionais do mar, persoal do tecido asociativo, persoal vinculado ao turismo, persoal político, etc. Así mediante pequenas entrevistas poderá coñecerse mellor a realidade

do territorio e a historia das súas xentes a partir das súas propias voces.

Entre as persoas entrevistadas, estarán as protagonistas de dous pequenos vídeos que servirán de contido adicional para cada unha dos roteiros. Nestas pículas audiovisuais os protagonistas falarán dalgúns dos espazos polos que transcorren os roteiros e a súa historia.

Ademais destes contidos, os roteiros contarán cun track completo no perfil de Wikiloc municipal no que se atopará toda a información sobre os puntos de visita e as características do roteiro, para que se poidan realizar de maneira autoguiado en calquera momento. A web de turismo municipal acollerá todos os contidos xerados para estes percorridos: os tracks en Wikiloc; audioguías sobre os puntos máis destacados en galego, español e inglés; os videotestimonios e fotografías dos enclaves máis destacados.



Poden realizarse a pe ou en bicicleta de montaña.

MARÍA MESÍAS

NEDA



O Concello entregará os composteiros de forma gratuita aos veciños.

Regresa a campaña de compostaxe doméstico a Neda

A SEGUNDA FASE ESTÁ PENSADA PARA QUE UN TOTAL DE VINTE VIVENDAS PREFERENTEMENTE DO RURAL RECIBAN DE FORMA TOTALMENTE GRATUÍTA OS MATERIAIS NECESARIOS PARA A ELABORACIÓN DO COMPOST

A campaña de compostaxe doméstica impulsada polo Concello de Neda volverá para unha segunda fase despois da boa acollida que tivo a primeira, celebrada ó longo do ano pasado.

O lanzamento chegou este 2 de novembro coa instalación dunha carpa informativa en Albarón onde se dou a coñecer o programa e se invitou a inscribirse nel.

A idea nesta segunda fase da inciativa é que participen un total de vinte vivendas, preferentemente da zona rural, que recibirán de forma totalmente gratuítas os materiais necesarios

para a elaboración do compost. A inscrición é posible, ademais de na carpa, nas oficinas municipais tanto de xeito presencial como telemático e ata fin de existencias.

Esta iniciativa organizada polo Concello de Neda, busca repetir o éxito acadado na súa primeira convocatoria e sumar máis participantes. Desenvólvese en colaboración coa Concellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda da Xunta de Galicia. O proxecto está enmarcado no Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia financiado pola Unión Europea-Next Generation EU.

Neda terá un outono con moito “Tempo para o teatro”

O Concello de Neda contará neste outono cunha ampla programación no seu ciclo municipal “Tempo para o teatro”, que arrancou o venres 28 de outubro co espectáculo “Morgana en Esmelle”, de Sarabela Teatro, e que se prolongará ata o vindeiro 11 de decembro.

As funcións serán sempre os venres ás 20:30 horas no salón de actos da Casa da Cultura e terán un prezo único de dous euros.

É posible reservalas ou adquirilas na biblioteca a partir do luns da semana de cada función. No caso das reservas, de ata catro billetes por persoa, deberán retirarse

unha hora antes de cada función.

O programa continuará o 11 de novembro con “Tres vella (polo menos), de Producións Excéntricas; o 18 de novembro con “A lúa vai encuberta”, de Incendiaria e A Quinta do Cuadrante; o 25 de novembro con “As que limpan”, de A Panadaría e rematará o 2 de decembro de “Feminissimas”, de De Ste Xeito Producións.

A primeira función, de Sarabela Teatro, levou a Neda a un elenco de luxo, con Quico Cadaval, Fernando Dacosta, Fina Calleja, Elena Seijo, Sabela Gago e Laura Míguez.



Rematadas as obras no camiño dos Foxos ata a Corredoira

O Concello de Neda vén de concluir os traballos de acondicionamento do camiño dos Foxos ata o lugar de Corredoira, o vial de acceso ao cemiterio de Anca. Nos traballos investíronse 42.030 euros con cargo ao Plan de Mellora de Camiños Municipais (PEIM).

A intervención, que se levou a cabo ao longo de 1.002 me-

tros, contemplou a limpeza de cunetas, o rebacheo dos puntos máis deteriorados, o aglomerado do tramo e a sinalización horizontal.

O pasado 20 de outubro tamén remataron as obras de mellora do albergue municipal, coa renovación total das fiestras e a instalación de portas antipánico.



A V Andaina Solidaria Neda volve o 13 de novembro tras dous anos de parón

A Andaina Solidaria Neda, en beneficio da Asociación Española Contra o Cancro (AECC), volve o vindeiro 13 de novembro coa súa quinta edición tras dous anos de parón por mor da pandemia da Covid-19.

A actividade, promovida polo Concello de Neda, conta coa colaboración da Panadería Santa Rita, do ximnasio Zanshin Sport e de Protección Civil, e cun padriño de luxo, o showman Dani Ríos, moi comprometido coa

iniciativa dende os seus inicios.

Nesta quinta edición, e como novidade, haberá o dorsal infantil. Ademais, a organización entregará camisetas e mochilas ata esgotar existencias, e haberá un sorteo de agasallos ao remate da andaina, duns cinco kilómetros.

Por último, haberá un nomeamento especial para aquela pandilla, asociación ou clube que agrupe a máis persoas participantes na Andaina.

ORTIGUEIRA



Unha instalación xerará enerxía fotovoltaica para os edificios municipais

O CONCELLO CREARÁ A INSTALACIÓN, NA QUE TAMÉN HABILITARÁ UN PUNTO DE CARGA DE COCHES ELÉCTRICOS E PREVÉ ALMACENAR OUTROS VEHÍCULOS

O Concello de Ortigueira vai crear unha nova instalación fotovoltaica no edificio do polígono da Cuña para subministrar enerxía eléctrica a tódolos edificios municipais da zona.

Esta cuberta, situada nunha estrutura duns 290 metros cadrados, albergará e protexerá os vehículos municipais, mellorando o seu coidando e alargando a súa durabilidade. En todo caso, esta é só a primeira fase dun proxecto que no futuro permitirá dotar ó espazo de dúas alturas, permitindo así

almacenar non só coches e furgonetas, senón tamén camións, pás e outra maquinaria pesada, facilitando o seu mantemento ó longo do ano. O proxecto, ademais de proporcionarlle electricidade ás instalacións de propiedade municipal da zona comercial a través da implantación dunha instalación de autoconsumo, tamén inclúe a colocación dun punto de recarga para vehículos eléctricos.

“Con esta nova estrutura poderemos protexer os 365 días do ano á nosa maquinaria, que

actualmente está a intemperie, á vez que reforzamos o noso compromiso coas enerxías limpas e renovables, tentando reducir ó máximo o consumo de combustibles fósiles, e instalamos un punto de recarga de coches eléctricos, poñendo a vista nun futuro moi cercano no que vai haber cada vez máis vehículos híbridos e de consumo verde”, destacou o alcalde, Juan Penabad. Esta intervención está financiada con 80.162 euros do Fondo de Compensación Ambiental.

O Concello adicará máis de medio millón á mellora de infraestruturas

O pleno ordinario do mes de outubro do Concello de Ortigueira dou luz verde (co único voto favorable do Goberno local) a adicar 563.559 do POS+Adicional da Deputación da Coruña a nove accións de mellora de infraestruturas en todo o municipio.

“Con estas actuacións seguimos a mellorar as infraestruturas básicas do Concello, con máis de 500 quilómetros de vías: en catro anos máis pretendemos telas todas aglomeradas e, en oito, crear as conexións correspondentes”, apuntou o alcalde, Juan Penabad.

Deste xeito, destinaranse 33.082 euros á rexeneración da vía de San Miguel a Deve-

so, na parroquia da Insua; outros 58.759 á mellora da pavimentación da vía entre Iglescaro e Ramil, no Ermo; 34.312 á rexeneración de vías nas parroquias de Céltigos e Loiba e outros 90.643 para a mesma intervención en Xorres, en Couzadoiro.

Mentres tanto, destinaranse 75.722 euros ó aglomerado da pista de Bodeguíña a Rocha, en San Claudio; 109.925 euros ás estradas de Cabradouro, Couce das Taugas, Barral, Couto e Cabanas; 58.990 para as estradas de Braelle, Castelo e acceso á Igrexa de San Cristóbal, en Couzadoiro; e 44.1712 para as estradas de Espasante, Céltigos e Ladrado.



Pleno de Ortigueira.

Melloras en varios camiños no Ermo, Insua e San Claudio

O Concello de Ortigueira destinará 136.442 a tres intervencións para mellorar camiños nas parroquias do Ermo, Insua e San Claudio.

“Con esta intervención queremos mellorar as infraestruturas básicas existentes nestes núcleos, aumentando e cualificando o espazo público e cubrindo as necesidades básicas destas zonas rurais”, explicou o alcalde, Juan Penabad, quen destaca que estas obras están

enmarcadas no plan para equilibrar o nivel de convivencia entre zonas urbanas e rurais.

Na parroquia do Ermo mellorarase o acceso ó xacemento de Pereiro ata A Vidueira, onde se ubica unha instalación agrícola e varias parcelas. Varrese o firme, colocarase un novo aglomerado e limparanse os canalóns para facilitar a recollida de augas pluviais.

No caso de Insua, a acción terá lugar en Landido, onde se

vai instalar aglomerado quente ó longo da calzada e unha nova tubería. Tamén se renovará a sinalización.

En San Claudio mellorarase o acceso a Vilarmor dende Nogueirido ata Os Casás, por Trabazón. Tamén se procederá ó varrido da calzada, colocación de aglomerado quente ó longo da calzada e o establecemento dunha nova sinalización. Nesta zona tamén se ubican unha finca e parcelas de uso agrícola.

Remata o curso de agricultura ecolóxica

O curso de Agricultura Ecolóxica do Concello de Ortigueira rematou o pasado 10 de outubro. Nel formáronse doce alumnos ó longo de cinco meses con máis de 300 horas de clases prácticas e teóricas nas que coidaron a horta municipal de Miñano con produtos e pesticidas respectuosos co medio ambiente,

estudaron técnicas de cultivo e comercialización e visitaron plantacións.

“Queremos potenciar os recursos da zona e crear novos postos de traballo fóra da agricultura e a gandería”, destacou o alcalde, Juan Penabad, quen agarda que do curso xurda a posibilidade de crear unha cooperativa.

REPORTAXE

Os holandeses que chegaron a Pantín nun 'school bus'

GABBY BANDT Y ROOS VAN MAASTRICH

DESCUBRIRON OS SEGREDOS DE FERROLTERRA A BORDO DESTA PECULIAR CASA RODANTE

Para Gabby Bandt e Roos van Maastrich a pandemia foi o empuxón que necesitaban para levar á práctica o famoso dito de “agora ou nunca”. Estos mozos holandeses compraron un bus escolar americano -aqueles amarelos que todos coñecemos grazas ao cine- e reformárono para convertelo na súa casa “a xornada completa”.

O bus, que viaxou desde Estados Unidos, chegou á súa casa e, sen ter nin idea de construción, decidiron que o transformarían no seu fogar. Foi un proceso que lles levou trece meses e medio e moitos tutoriais de Youtube, pero permitiulles aprender de erros e experiencias alleas. “Agora que vivimos nel, apréciamo aínda máis porque sabes o traballo que levou e témolo xusto como queríamos”, explica a parella.

Deixaron o seu traballo, venderon a súa casa e fai dous meses que decidiron finalmente lanzarse á aventura. Xa visitaran Francia e o norte de España cando o seu bus levounos á praia de Pantín. “Sorprendenos moi gratamente, non a coñeciamos e tivémonos que quedar unha semana facendo surf e gozando as vistas e o ambiente”. Recoñecen que, aínda que o tempo non acompañou, levan un recordo inesquecible.

Outro dos puntos que lles chamou a atención sobre a zona foi a súa gastronomía, e non se esqueceron de remarcar unha dos seus partes favoritas da cultura española, as tapas. “Comemos moi ben e na zona de Ferrolterra atopamos moitas paisaxes que non nos esperábamos. É un recuncho único”.

Despois desta aventura emprenderon o seu camiño ata Santiago, onde só contaban estar un par de días ata conducir ao país veciño, Portugal. “Dixéronnos que hai unha comunidade moi grande de nómadas e xente que viaxa como nós, así que estamos desexan-



Gabby Bandt e Roos van Maastrich posan coa súa particular casa rodante.



O 'school bus' xunto á praia de Pantín

do ver o país e coñecer xente”, explican.

O seu itinerario non está marcado, pero gústalles deixar o seu calendario aberto para aqueles plans que xurdan polo camiño. “Gustaríanos chegar a Marrocos e despois xa se verá, temos todo o tempo do mundo”, finalizan.

Pouco común na carretera

A sorpresa é a primeira reacción, xeralmente, daqueles que coñecen o bus, e facerse unha foto adoita ser a segunda. “Tivemos xente que nos sacou fotos na estrada e despois atópanse en Instagram polo nome e envíanola. Outras veces estamos aparcados, eu

estou dentro e vemos como se achegan e pousan para unha foto. É gracioso ás veces e un pouco raro outras”, explica rindo a moza holandesa.

Con todo, nos cámpings describen que hai máis buses que furgonetas de pequeno tamaño e que o seu público tamén é diferente. “Xeralmente

a xente máis maior viaxa en vehículos máis pequenos, pola súa comodidade”, conta Gabby Bandt. Pese a que haxa máis buses e vehículos de maior tamaño como eles, afirman que ‘Who’s the bus’, como decidiron nomear o seu turismo e a súa conta de Instagram, atrae a moitos ollos curiosos.

“Moita xente dinos que se volve ser nova como nós tamén o farían, pero ao final se sempre o deixas para logo, nunca é o momento. A nosa familia apoiounos cando empezamos coa idea, porque tamén lles encanta viaxar, e foron o impulso que nos facía falta”.

Un anxo pesador de almas

Sobre S. Miguel de Bremao xa temos escrito repetidas veces. É S. Miguel o único resto dun pequeno mosteiro de cóngos regulares que xa existía en 1169. A vida monástica seguramente rematou a finais do século XVI, desaparecendo as casas de cóngos anexas ao lado sur; pero o priorado, tras un preito das curas de S. Pedro de Vilar e Ombre co prior, non se suprime ata 1798, pois ademais de mosteiro era un señorío xurisdiccional.

Ao desaparecer a vida monástica, convértese en ermida dependente de S. Pedro de Vilar, celebrándose a festividade de S. Miguel do 8 de maio, e, desde 1686, promovida pola confraría do mesmo nome, a de S. Miguel Arcanxo do 29 de setembro, chamada popularmente de S. Miguel das Uvas polo seu carácter outonal.

A portada da igrexa primitiva non é a orixinal, aínda que nela atopemos unha pedra coa inscrición ERA DE MCCXXV, é dicir, ano de 1187; posiblemente correspondente ao momento da primeira edificación. É unha das poucas igrexas de Galicia de cruz latina, cunha soa nave e tres ábsidas semicirculares. A iso hai que unir como elementos destacados que estea totalmente abovedada, cunha singular bóveda cuatupartita, con toda seguridade das primeiras de Galicia, e que as bases dalgunhas semicolumnas estean profusamente decoradas, algo pouco frecuente.

Temos dúbidas sobre a orixe da súa fundación, posiblemente ligada ao coidado da ponte de madeira sobre o río Eume, dentro da súa xurisdición, o que seguramente supuxo algún tipo de negociación con Afonso X en 1270 para fundar a póboa de Pontedeume; e dúbidas sobre o feito de que a súa igrexa se puido proxectase inicialmente de tres naves, de forma similar á do mosteiro de S. Martiño de Xubia. Sen embargo, ningunha dúbida sobre a súa nula relación cos templarios.

Unha imaxe singular

No seu interior atópase, en granito policromado, a imaxe dun S. Miguel pesando as almas. O feito de que nos centrámos sobre todo na arquitectura da igrexa e na historia do

priorado, propiciou que non prestásemos a atención que se merece esta imaxe. Digamos que a iconografía de S. Miguel está ben representada en Pontedeume: un S. Miguel nas pinturas do retablo da capela maior, onde se representa pesando as almas e loitando co demo, e outra, de vulto redondo, encima do retablo da Trindade, seguramente procedente da desaparecida capela de S. Miguel anexa ao palacio de Andrade; ás que debemos engadir as das igrexa de Bremao e S. Pedro de Vilar: as procesionais e a imaxe que nos ocupa, en Bremao. A esta imaxe relaciónase coa imaxe do Santiago sedente da igrexa de Santiago de Pontedeume, tamén en pedra policromada, considerada de finais do século XIV.

O tema do pesado das almas, denominado psicostasis, aparece en Exipto e pasa ao mundo grego e deste ao occidente cristián: no século XI atopámolo nos Beatos e no século XII represéntase con profusión en capiteis e tímpanos das igrexas románicas. Nunha das versións, aparece S. Miguel cunha balanza na man esquerda pensado as almas, representadas por dúas pequenas figuriñas humanas, e na dereita cunha lanza de remate en cruz, coa que arremete ao demo situado aos seus pés, tal e como aparece nesta imaxe e na imaxe (agora sen lanza crucífera) da catedral de Santiago, considerada da segunda metade do século XV.

Os historiadores da arte tenden a considerar ao S. Miguel de Bremao como unha escultura de ao redor de 1400. Pero poucos repararon en que en realidade se trata dun altorrelievo, seguramente procedente do tímpano da primitiva portada da igrexa; o que explicaría, a diferenza da imaxe de Santiago, os seus estragos, sobre todo na policromía. Parece evidente que esta imaxe completábase con outra peza, situada



San Miguel en Santiago.

San Miguel de Bremao.



aos pés, á súa esquerda, que representaba ao demo ao que S. Miguel asestaba. En consecuencia estaríamos ante unha obra dunha datación moi máis temperá; o cal cadraría ben coa rixidez, frontalidade, forma de bloque e ausencia do escorzo e movemento deste S. Miguel de Bremao; características todas elas propias do Románico pleno.

Nun mundo onde a espiritualidade cotiza á baixa, tan afastado do Ceo como do Inferno, o negocio de S. Miguel non parece moi boiante, pero iso non quita para que a imaxe mereza un mellor coidado e precise unha restauración.

SOCIEDADE

30.000 barquiños para reivindicar un Ferrol patrimonio da UNESCO

CASE CEN FERROLÁS DE ASOCIACIÓN VECIÑAIS, SOCIAIS, PERSOAS MAIORES, ESCOLARES E PARTICULARES FORON OS ENCARGADOS DE BOTAR OS BARQUIÑOS DE PAPEL Á RÍA

A ría de Ferrol acolleu este pasado mes de outubro a botadura de 30.000 barcos de papel biodegradable elaborados pola cidadanía de Ferrol como xesto de apoio social á candidatura da cidade a Patrimonio Mundial. Acudiron a bordo dun remolcador da Armada Española o alcalde, Ángel Mato, a concelleira de Patrimonio Histórico, Eva Martínez Montero, e preto de 80 ferrolás de todas as idades en representación da cidade entre membros de asociacións veciñais, sociais, persoas maiores, escolares e particulares que colaboraron no proxecto 'Contamos contigo', unha iniciativa que naceu co obxectivo de involucrar á cidadanía na defensa da proposta ferrolá e que culminou hoxe coa botadura ao mar dos pequenos barcos.

Mato agradeceu a implicación da "cidade enteira" no proxecto,



Momento no que un grupo de rapaces botan os barquiños de papel dende un remolcador da Armada

que desde o seu iniciu pretendeu achegar á cidadanía os detalles da candidatura ao tempo que dar a coñecer os bens que integran a proposta ferrolá.

Mato agradeceu especialmente a colaboración da Armada Española e destacou que preci-

samente un dos cinco bens da cidade incluídos na candidatura é o Arsenal Militar, "aínda en uso", desde onde partiu a embarcación. Ademais forman parte do expediente o trazado do barrio da Magdalena, o porto, o arsenal civil e as defensas costei-

ras. Pola súa banda, a edil destacou o "carácter ecolóxico" do papel empregado para desenvolver os barcos e explicou que "das algas extraíase a celulosa sen ningún proceso químico. Ao volver ao mar desfáise completamente deixando a esencia de algas da

que xurdiu". Deste modo, "ao ser de algas, serve de alimento para o plancto". Martínez Montero tamén agradeceu á cidadanía a súa participación na defensa da candidatura a Patrimonio Mundial da "nosa cidade ilustrada, naval e militar".

La gestión de tus seguros de forma rápida, personalizada y siempre con el mejor precio.



Hogar



Vida

**AUXILIAR
BROKER**
MEDIADORES DE SEGUROS



Salud



Decesos

LA MEJOR COMPAÑÍA ENTRE TÚ Y TU ASEGURADORA.



Polígono industrial de Vilar do Colo
C/Cornecha parc. 4, oficina 5 15621 Cabanas (La Coruña)



Llámanos al 981 396 524, escríbenos al 619 374 140 o bien
un correo a administracion@auxiliarbroker.com